



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono: 981 50 00 00

# BANDO CORONAVIRUS

## JOSÉ LUÍS GARCÍA LÓPEZ ALCALDE DO CONCELLO DE ARZÚA (A CORUÑA)

Ante a emerxencia de saúde pública provocada polo COVID -19 e en concordancia coas medidas anunciadas polas autoridades sanitarias da Xunta de Galicia e do Ministerio de Sanidade

Decretouse na data de hoxe por este Alcalde :

Adoptar as seguintes **MEDIDAS** e facer as seguintes **RECOMENDACIÓNS** que se manterán ata o vindeiro día 29 de marzo de 2020 e que poderán ser ampliadas ou reducidas en función das directrices que establezan as autoridades sanitarias competentes.

- Suspensión dende o 13/03/2020 de tódalas actividades deportivas, culturais e de lecer , organizadas polo Concello ou realizadas nas súas instalacións e ou neste termo municipal. ( Queda suspendida a Feira do día 22 e a Ruta Cabalar) recomendando a asociacións e entidades do municipio que suspendan os seus actos públicos e sociais durante os vindeiros 15 días.

-Peche das seguintes instalacións municipais:

- 1., Biblioteca Rosalía de Castro.
- 2.- Aula de adultos.
- 3.- Piscina municipal.
- 4.- Pavillóns municipais do Viso e Cruceiro de Santa María
- 5.- Conservatorio e escola de música
- 6.- Aula Cémit.
- 7.- Clube de xubilados
- 8.- Local de ensaio.
- 9.- Recinto Ferial Terra do Queixo

- A atención ao público nas dependencias municipais limitarase exclusivamente a casos de extrema urxencia e imperiosa necesidade, polo que se insta á veciñanza que os trámites que se teñan que realizar sexan por vía telemática na dirección <https://sede.concellodearzua.com> ou ben telefónica , no teléfono 981500000.

- Recomendase á veciñanza que , de non ter acceso a xel alcóhólico para a limpeza das mans, as lave con auga quente e xabón.

- Recomendase non realizar visitas nin a residencias de maiores, nin hospitais, a excepción de casos de extrema necesidade, así como non acudir a lugares que conleven aglomeración de persoas



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

especialmente se se trata de sitios pechados e poñendo especial atención a colectivos vulnerables ( persoas maiores, poboación infantil ou persoas con enfermidades crónicas )

- É convinte evitar viaxes e desprazamentos que non se consideren imprescindibles.
- Recoméndase a todas as persoas maiores que padecen enfermidades crónicas pluripatolóxicas e con estados de inmunosupresión congénita ou adquirida que limiten as saídas do seu fogar ou residencia. En calquera caso , recoméndase que eviten lugares concorridos nos que non é posible manter a distancia de seguridade interpersonal de alomenos un metro .
- Recoméndase o coidado domiciliario dos maiores
- Recoméndase que se sigan as instrucións ditadas polo Ministerio de Sanidade e a Consellería de Sanidade , en caso de ter algún síntoma contactar co 061 ou co teléfono de información para a cidadanía 900400116.
- Recoméndase que se eviten a propagación de “bulos” ou informacións non contrastadas por redes sociais.
- Recoméndase que non haxa depósitos masivos de alimentos nas casas dado que segundo se traslada dende a Xunta de Galicia están garantidos os subministros .

Na prestación do servizo de axuda no fogar se comunique á empresa que presta o servizo que debe respetarse e implantarse as medidas indicadas no Protocolo conxunto da Consellería de Política Social e da Consellería de Sanidade para centros de servizos sociais como consecuencia da situación e evolución do coronavirus .

Calquera novidade será difundida a través dos medios de comunicación municipais. Publicar estas medidas e recomendacións na radio municipal , comunicalas aos servizos municipais , ordeando a súa publicación na sede electrónica municipal e na web municipal así como difundilas con publicación de Bandos do Alcalde entre a poboación.

O que se fai público para xeral coñecemento solicitando a comprensión e colaboración da veciñanza .

En Arzúa o 13 de marzo de 2020  
O Alcalde:

Asdo.- José Luis García López .